

Divulgaciencia, é un programa educativo promovido polas Concellerías de Educación e Xuventude de Soutomaio que pretende despertar a curiosidade pola ciencia e difundir contidos científico - tecnolóxicos mediante accións cunha metodoloxía dinámica, experimental e lúdica na que poida participar toda a cidadanía. Durante os meses de febreiro ata maio desenvolveranse unha morea de actividades como a xornada xuvenil sobre vocacións científicas, un escape room e obradoiros e roteiros científicos nos centros educativos dirixidos a alumnado de primaria, secundaria e bacharelato para rematar co evento principal deste programa a FEIRA DE CIENCIA.

I EDICIÓN DA FEIRA DE CIENCIA **Xoves, 5 maio | Talo Río**

Exposición de proxectos + Visitas guiadas. Esta é a actividade principal da Feira e consiste na exposición de proxectos de investigación que inclúen demostracións científicas. Expoñen o alumnado da ESO e BAC do IES Soutomaio e do Colexio Santiago. En cada stand haberá un grupo de alumnos/as que explicará o seu proxecto ao público visitante co fin de divulgar o traballo realizado; interactuando co público, resolvendo dúbidas e comentando os resultados obtidos, así como, curiosidades do proceso levado a cabo.

Como visitar a Feira?

- Visitas libres no horario da Feira sen necesidade de inscribirse xoves 5 de maio de 10 a 14 h e de 16.30 a 18.00
- Visitas guiadas por persoal experto dirixidas a grupos (centros educativos, centros e maiores, asociacións,.. do municipio ou de fóra). Grupos reducidos.

Prazo de inscrición para realizar a visita guiada DESDE VENRES 1 DE ABRIL ATA O LUNS 2 DE MAIO. Tras recibir o formulario comunicaremos desde a OMIX a confirmación da visita. Selecciona un horario de 10:00 a 11:00 h; de 11:00 a 12:00 h; de 12:00 a 13:00 h; de 13:00 a 14:00 h; de 17:00 a 18:00 h. Fai a túa reserva! WEB DE RESERVAS: <https://www.gabinetesoutomaio.com/index.php/axenda-municipal/vista-mensual/eventodetalle/2793/divulgaciencia-feira-de-ciencia>

Actividades complementarias dirixidas á cidadanía en xeral.

OBRADOIROS

Obradoiro "Cociña molecular".

Grupo pechado

Boas abertas | 10:00 - 11:00 h | Talo Río

Obradoiro "Cociña molecular 1".

Inscricións en liña | Ata 03 maio

Público + 55 anos | 11:30 - 12:30 h | Talo Río

Obradoiro "Cociña molecular 2".

Inscricións en liña | Ata 03 maio

Público + 6 anos | 16:30 - 17:30 h | Talo Río

Obradoiro "Marie Curie. Descubrindo a electricidade".

Inscricións en liña | Ata 03 maio

Público + 7 anos | 18:00 - 19:00 h | Talo Río

ESPECTÁCULO

"Cienciando"

Show ameno e divertido, no que iremos percorrendo algunhas aportacións científicas claves na evolución da humanidade.

Público xeral | 19:00 - 20:00 h | Talo Río

OMIX | Educación

COLABORAN



COA COLABORACIÓN DE



Outras entidades colaboradoras: CEO ABERTO, KIDCODE, MERAYS, ANCEU COLIVING, POLYGON-E SOFTWARE